



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "TERRA CHÁ"
Román, 35 - Vilalba - C.P. 27841
Telf. 982 511 402 Fax 982 511 402
E-mail: ceip.terra.cha@edu.xunta.es

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP TERRA CHÁ



Informado polo Claustro de mestres/as: 9 de outubro de 2018.

Avaliado polo Consello Escolar: 9 de outubro de 2018.

Aprobado pola Dirección: 9 de outubro de 2018.



Fundamentos legais

- *Lei Orgánica 8/1995, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE); modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).*
- *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo).*
- *DECRETO 8/2015, de 8 de enero, pola que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Proxectos: educativo, curriculares e resto de documentos do centro.*



1. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

A convivencia nos centros docentes constitúe en todas as sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación crecente, que non se circunscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén ás relacións entre o propio alumnado.

Con carácter xeral, a situación da convivencia no noso centro non alcanza un nivel de deterioración grave, aínda así isto non debe eximirnos de adoptar as medidas necesarias para propiciar un ambiente educativo que faga posible o pleno cumprimento dos fins da educación.

Destacar que os principais problemas de convivencia son de carácter leve os cales se acada unha solución a través de procedementos conciliadores ou a mediación de acordo o Decreto 8/2015.

Durante o curso 2017/2018 presentouse un posible caso de acoso escolar, polo que se abriu o protocolo o respecto, pero que se solucionou a través dun procedemento conciliador entre as partes implicadas, podendo levar a cabo este procedemento, debido a que non foi unha situación de carácter grave nin a confirmación de acoso, xa que sendo desta forma o centro estaría obrigado a incoación de expediente disciplinario do presunto acosador de acordo o Decreto 8/2015.

Este Plan de Convivencia do CEIP Terra Chá parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias. Para conseguir este obxectivo é necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa -nais e pais, profesorado, persoal de administración e de servizos e alumnado-, así como da propia Administración educativa. Debemos incidir moi especialmente na corresponsabilidade das nais e pais ou titoras ou titores na devandita tarefa, e por iso vinculamos a regulación da convivencia no noso centro ao establecemento de canles para a participación directa daqueles no ensino e no propio proceso educativo.

2. OBXECTO.

Este Plan ten por obxecto regular os aspectos básicos da convivencia no CEIP Terra Chá e favorecer a participación directa das familias así como do resto da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo, utilizando para a



solución de conflitos principalmente os procedementos de mediación e o procedemento conciliador, xa que é a solución que máis aportou anteriormente para evitar problemas de convivencia.

3. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais:

- Educar nun comportamento baseado nos principios dunha cultura de paz, fomentando os valores de igualdade, respecto, apoio e solidariedade e afrontando os conflitos co diálogo e o acordo.
- Favorecer o desenvolvemento e afianzamento da cultura democrática e de boa cidadanía que posibiliten o desenvolvemento da persoa en liberdade, exercendo os seus dereitos e deberes con responsabilidade e participando activamente nos grupos sociais aos que pertence.
- Promover o desenvolvemento moral e as capacidades de relación das persoas.
- Mellorar a convivencia no centro.

Obxectivos específicos:

- Establecer estruturas organizativas que posibiliten a posta en práctica de estratexias de negociación, regulación e solución pacífica de conflitos.
- Mellorar a competencia dos alumnos para establecer relacións positivas consigo mesmo e cos demais, resolver conflitos e convivir pacificamente a través dun currículo de educación en valores e mellora de habilidades sociais.
- Ofrecer aos membros da comunidade educativa referentes de relacións interpersoais positivas na aula e no centro.
- Potenciar a participación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Establecer pautas de prevención e deseñar protocolos de intervención ante abuso e maltrato entre iguais, ou utilizar xa os elaborados pola Consellería para elo, adaptándoos as características do centro.
- Establecer pautas de prevención e deseñar protocolos de intervención ante situacións que prexudiquen a convivencia no centro (disrupción).



- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Definir unha liña metodolóxica que potencie a educación inclusiva e favoreza a convivencia.
- Colaborar con institucións e entidades do contorno en iniciativas que promovan a convivencia pacífica.

4. CONCRECIÓN DO PLAN

4.1 ACTUACIÓNS

Neste apartado, primeiramente, trataranse as liñas xerais de actuación con intención de permanencia (organización xeral da convivencia no centro) e, a continuación, as actuacións anuais do plan de convivencia que se desenvolverán en cada curso.

Entre as actuacións que hai que desenvolver para favorecer a convivencia cabe destacar as recollidas no artigo 15 do Decreto 8/2015, que serían as seguintes:

- a) *Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación: organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.*
- b) *Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, e a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.*
- c) *Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.*

Actuacións preventivas

Neste apartado cabe destacar unha serie de actuacións para previr futuros problemas de convivencia, e debemos levalas a cabo nas seguintes situación:

- a) *Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou*



medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen. Serán informados tanto na "xornada de portas abertas" como na reunión xeral a principios de curso, ambas actuacións concretadas no P.E.

b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Para levar a cabo estas actuacións teremos moi en conta o Plan Director para a convivencia que nos ofrece unha serie de charlas para evitar situacións de acoso escolar, drogas, violencia de xénero entre outras.

4.2 MEDIDAS, ESTRATEXIAS E RESPONSABLES DAS MESMAS.

As medidas son as accións que se van a levar a cabo para poñer en práctica as actuacións comentadas no apartado anterior.

4.2.1 Medidas.

1. Medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar, para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade. Para a situación dun posible caso de acoso escolar debemos ter en conta o protocolo de acoso escolar recollido neste plan, concretamente a 1º fase coñecemento da situación, identificación e comunicación, que ten como responsables a persoa que viu a situación de acoso, seguidamente o director e como consecuencia a persoa que nomea o director como responsable de protección a presunta vítima, e establecer as medidas de protección a posible vítima.

2. Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que poidesen xurdir, de conformidade co Decreto 8/2015.



- a) Prevención inespecífica, asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia no centro.
- De atención específica, intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas en situacións de acoso escolar.
- De asesoramento e apoio técnico especializado para tratamentos máis específicos.

Todas as medidas preventivas deben:

- Fomentar o desenvolvemento social do alumnado e o avance da institución escolar no seu conxunto.
- Incluírse nos documentos internos do centro que correspondan.
- Levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, co liderado do equipo directivo e o apoio do departamento de orientación.
- Transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa.

4.2.2 Estratexias organizativas e de prevención no centro

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención que contribúen á mellora do clima xeral do centro, pódense considerar:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas (liderado).
- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.



- Posibilidade de crear comisións de investigación, compostas por alumnado e profesorado, sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de convivencia e das NOF.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial as competencias sociais e cívicas.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Protocolos de información ante unha situación de acoso.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.



- Elaboración de orientación e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos:
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
- Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia. Impulsar a creación de Escolas de pais e nais.
- Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.
- Elaboración de orientación e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso:
- **Formación do profesorado e de familias:** sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
- **Formación ao alumnado:** potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais -onde aparecen e a quen se proporcionan-, non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

4.2.3 Estratexias de prevención na aula

- Inclusión no Plan de acción titorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de titoría programadas no grupo referidas a:
 - *Relacións no grupo.*
 - *Fomento da amizade.*
 - *Tarefas colaborativas.*



- *Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...).*
- *Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes.*
- *Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.*
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconhecimento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
 - *Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.*
 - *Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.*
 - *Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.*
 - *Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...*
 - *Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.*
- Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
- Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.
- Para permitir unha verdadeira prevención, é prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos:
 - *Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, empregando regularmente elementos de medición que permitan previr posibles situacións deste.*
 - *Crear unha conciencia colectiva das normas mínimas de convivencia que todo membro desa comunidade ten que cumprir.*



ESTRATEGIA FUNDAMENTAL DE PREVENCIÓN.

En resumo, o realmente apropiado sería establecer na dinámica de convivencia do centro estratexias preventivas que evitasen chegar a situacións de acoso escolar. Unha estratexia válida sería a posta en marcha dun tempo, asociado a momentos de formación no propio centro, e dun lugar para levar a cabo esta dinámica de convivencia entre o profesorado, crear un espazo onde a propia comisión de convivencia do centro poida deseñar este tipo de estratexias.

5. PROGRAMAS

A) Proxectos de innovación e investigación educativa relacionados coa convivencia: *potenciación e divulgación na web da Consellería, dos de maior calidade e aplicabilidade os centros, destacar principalmente os promovidos en edu.convives.es.*

B) Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais (Artº 24.1 Decreto 8/2015)

O departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Será promovido pola Comisión de Convivencia do centro, cando se de unha situación dunha conducta contraria a convivencia.

En elaboración durante o curso 2018/2019.

C) Programas para a prevención de posibles problemas de convivencia escolar: destacar o Plan Director para a convivencia Escolar promovido pola Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación, ofrece aos centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc.; charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).

Este programa será responsable de promovelos a Comisión de Convivencia do centro, e está destinado a alumnos de 5º e 6º de educación primaria.



6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia do CEIP TERRA CHA constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

6.1 Composición.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados, que no caso do CEIP TERRA CHA, de acordo co Decreto 8/2015 os membros coinciden cos do consello escolar, integrado polo Presidente que sería o director, dous representantes do claustro, dous representantes dos pais/nais e un representante do concello.

6.2 Reunións.

A comisión de convivencia do CEIP TERRA CHA, de acordo coa *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia* manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

6.3 Funcións.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.



- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

6.4 Colaboracións.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.



7. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

De acordo co artigo 25 Decreto 8/2015 de convivencia escolar, todos os centros educativos teñen que ter constituída unha aula de convivencia inclusiva, que ten como función substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A continuación móstrase os aspectos que terá a aula de convivencia inclusiva, de acordo o artigo 2 co artigo 25 Decreto 8/2015 de convivencia escolar:

7.1 Bases legais:

art. 8 Decreto 229/2011 at.diversidade, art.19.3 Lei 4/2011 e art. 25 Decreto 8/2015.

7.2 Definición.

Aula de convivencia inclusiva, para o alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro ou a clase. (**medidas correctoras e f) Decreto 8/2015 artigo 39 e 40; e medidas g) h) artigo 43 Decreto 8/2015**).

7.3 Obxectivo principal

Converterse nunha alternativa á expulsión do centro para aquel alumnado sancionado con esta medida.

7.4 Obxectivos finalidades e actuacións.

(Derivación a esta aula antes de aplicar as medidas correctoras sinaladas anteriormente)

- Axudar a adquirir unha boa disposición cara ás tarefas escolares e compensar as carencias que lles impiden a algúns alumnos ou alumnas a súa inclusión escolar.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol.



-Favorecer no alumnado a comprensión do alcance que teñen as súas condutas para si mesmo e para os demais e a importancia da responsabilidade das súas accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cara aos demais.

-Habilitar un espazo que lle proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo iso ao desenvolvemento das clases.

7.5 Derivación e actuacións na aula

Respectarán a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

7.6 Creación

Disporase do profesorado de garda e principalmente do profesorado de pedagogía terapéutica.

7.8 Proceso de derivación.

-Impostas medidas correctoras/reeducadoras impidan actividades lectivas.

-Resolución motivada da dirección do centro: decisión, motivo, nº días, nº horas, actividades formativas e de reflexión a facer

- Asesoramento XDO.

- Trámite audiencia e comunicación resolución (escrita e entrevista): familia, titor/a, responsables aula e comisión de convivencia. □

- Condicións para atención: compromiso implique traballar obxectivos aula

7.9 Responsables da aula

Os mestres/as que exerzan a labor na aula, coordinados polo profesor titor do alumno/a derivado á mesma e o D.O.



7.10 Gardas específicas

Establecidas polo Director, no caso deste centro de 4 unidades, e participa todo o profesorado do centro, con maior fincapé no mestre de pedagogía terapéutica debido o número de alumnos/a que atende por sesión no seu día a día.

7.11 Horario e condicións de funcionamento da aula

Establecese nos seguintes puntos o nº máximo de:

Veces que un alumn@ pode ser derivado: **dúas veces**, e dicir, cando se lle apliquen dúas veces as medidas correctoras establecidas anteriormente.

Días e/ou horas ao día de atención: dependendo de si é unha suspensión de clases ou de centro. Si é de clase, nas horas que debería ter sesión de clase da área/materia expulsada. Si é de centro en función da disponibilidad do profesorado do centro para que lle imparta docencia a dito alumno/a.

7.12 Localización aula/instalación

Aula de pedagogía terapéutica, debido a que o mestre da mesma será o que máis horas pase con este alumno/a, e nesta aula é onde se atopa os diferentes materiais didácticos para traballar con este alumnado, e se utiliza o mesmo tempo como lugar de traballo do equipo de orientación do centro, o día que o orientador asiste o centro, xa que é un orientador adscrito o CEIP MATO VIZOSO.

Material didáctico para o seu funcionamento: Xefatura do Departamento de Orientación para as actividades de reflexión e titor para as actividades formativas

7.13 Alumnado

Alumnado que se lle aplique por primeira ou segunda vez as medidas correctoras citadas anteriormente neste documento.



7.14 Profesorado

profesor titor: establece tarefas+corrixe+avalía

profesor da aula de convivencia: supervisa execución proposto e colaboración coa XDO actuacións reflexión e programa habilidades e competencia sociais conxunto profesorado e familia

DO: responsable programar actividades reflexión e programa hbs. e competencia sociais. Colaborar Comisión C., CCP, criterios pedagóxico

TITOR: incluír Programación actividades formativas, serán adaptadas, para entregar profesorado encargado aula

8. PROTOCOLOS

8.1 Acoso escolar.

Na *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, abórdase por primeira vez no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías. Recóllense, ademais, os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar. **O que debemos ter claro ante unha situación de acoso é os seguintes elementos clave:**

- Situación sostida no tempo (1 mes mínimo)*
- Diferenza de poder real ou percibida (diferenza de idade)*
- Intención manifesta de facer dano*

O protocolo utilizado no CEIP TERRA CHA para o acoso escolar e o ciberacoso, será o ofrecido pola Administración educativa, a cal pon a disposición un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso (dispoñible en educonvives.gal), a través das instrucións do 17 de xuño de 2013, que veñen de ser revisadas tras a publicación do Decreto 8/2015.

Este protocolo ten por ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar ante posibles casos de acoso, sendo imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (presunta vítima, presuntos agresores e espectadores) como coas súas familias.



O documento tamén ofrece un bloque de estratexias de prevención que os centros educativos deberán poñer en práctica co obxecto de previr a aparición de situacións de acoso escolar ou mesmo doutras situacións contrarias á convivencia escolar.

Destacar que estas estratexias de prevención xa foron citadas anteriormente no apartado de estratexias deste plan de convivencia.

8.2 Mediación escolar.

O falar de mediación escolar debemos ter en conta o artigo 26 do Decreto 8/2015 que nos di que *“A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.”*

O profesorado mediador axuda a facer este traballo a aquel alumnado que ten un conflito e que voluntariamente solicita a mediación, é dicir, o profesorado mediador coopera, axuda a comunicarse ás partes en conflito para que atopen solucións xustas e satisfactorias para todos ou, por lo menos, para poder mellorar a relación coa outra persoa.

O CEIP TERRA CHA, utilizará a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa

De acordo a lexislación citada neste apartado o CEIP TERRA CHA, neste plan de convivencia incorpora as directrices para a **creación dos equipos de mediación**, as **características do seu funcionamento** e as **pautas de actuación** que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación, para derivar un caso de conflito cara á mediación:

Equipo de mediación

Características da mediación

Creación do equipo de mediación.

Solicitud de mediación.

Desenvolvemento da mediación.

1. Características da mediación.

Voluntariedade: será voluntaria para o alumnado. Só se pode levar a cabo se é solicitada polas partes en conflito. Este carácter voluntario tamén se estende ós mediadores, que poderán rexeitar unha mediación se as condicións da mesma non lles parecen axeitadas ou se puideran ver implicados dalgún modo



nun certo favoritismo cara a algunha das partes en conflito.

Confidencialidade: todo o que se diga nunha mediación será secreto.

Casos indicados para mediación/conflictos que poden mediarse:

- a) Aqueles nas que as dúas partes a piden ou a aceptan unha vez proposta.
- b) Problemas de relación non resoltos entre as partes polos seus propios medios: rumores, insultos, queixas, disputas e pelexas, amizades deterioradas, ameazas.
- c) **Non se empregará a mediación en casos de acoso nin en agresións con dano físico.**

As partes en conflito deben: aceptar solucionar o conflito de forma cooperativa, utilizar mensaxes en primeira persoa, poñerse no lugar do outro, manifestar a súa responsabilidade no conflito, colaborar para buscar unha solución e aceptar un acordo satisfactorio para ambos (ceder as dúas partes).

2. Creación do equipo de mediación.

O equipo de mediación estará coordinado pola persoa responsable da dinamización da convivencia escolar, que no caso do CEIP TERRA CHA, será o director, xa que a Comisión de convivencia está formada polos mesmos integrantes que o Consello Escolar. O equipo de mediación terá o apoio do departamento de orientación.

Perfil do mediador: ser discreto, non emitir xuízos de valor, ser neutral, mostrar empatía, practicar a escoita activa, non afondar máis do necesario, aceptar o acordo desde o punto de vista das partes e realizar un seguimento do acordo.

Pasos a seguir na selección do profesorado:

- a) Proposta da dirección do centro, no claustro de mestres, para formar parte do equipo de mediación. Destacar que debido a experiencia dun posible caso de acoso escolar, que o final era un conflito resolto polo procedemento conciliado, estableceuse como persoal responsable a Alejandro Muñoz Ayala Sánchez, o cal por unanimidade do claustro pasou a formar parte do equipo de mediación.

Establecerase un prazo para a presentación de candidaturas para formar parte do equipo de mediación no claustro de inicio de curso que tratará a información sobre Convivencia.



Selección do alumnado: Debido a ser alumnado de Educación Infantil e Primaria, e que é un número moi reducido de alumnos/as, a Comisión de Convivencia acorda non ter representación do alumnado, debido a vínculos familiares, de amizade que une en xeral o alumnado do centro, e que non procedería unha estratexia imparcial na resolución do conflito.

3. **Solicitud de mediación.**

Debido a que o CEIP TERRA CHA ten un alumnado reducido de Educación Infantil e Primaria, a solicitud de mediación será realizada polo alumno/a a través do seu titor ou director do centro, ou calquer outro membro do claustro, rexistrando esta solicitud por escrito.

4. **Desenvolvemento da mediación.**

- Á reunión de mediación asistirán as partes a mediar, os mediadores e a persoa coordinadora de mediación, que se limitará a observar e só intervirá se non se respectan os pasos a seguir ou os acordos adquiridos para o desenvolvemento da reunión.
- A mediación desenvolverase de acordo ó seguinte esquema:
- **Disposición na mesa:** sentaranse a un lado os mediadores e ó outro os alumnos mediados.
- **Inicio da reunión:** despois dos correspondentes saúdos, os mediadores lembrarán as condicións ás que eles mesmos se comprometen: confidencialidade, imparcialidade, non xulgar e só intentar axudar, a solución debe xurdir das partes mediadas. A continuación lembrarán as condicións que deben respectarse: non interromper, non insultar, falar en primeira persoa, mostrar empatía, colaborar na busca de solucións e aceptar as mesmas.
- **Exposición do conflito:** intentarase aclarar ó máximo o problema permitindo que dada parte manifieste a causa, as súas necesidades e que comprenda a postura e as necesidades da outra.
- **Busca de solucións:** permitírase que as partes propoñan solucións que favorezan a todos, aínda que implique que teñan que ceder en algunha pretensión.
- **Acordo:** a solución que se adopte no acordo debe ser concreta, equilibrada e avaliable. A persoa coordinadora/mediadora cubrirá un documento que recolla o acordo adoptado unha vez lido en



voz alta por un mediador, asinarase en sinal de conformidade das dúas partes e de testemuña dos mediadores, que no caso do alumnado serán testimonios os pais/nais/titores/as legais, e na súa ausencia actuarase de acordo a Lei 39/2010 e o artigo 27 da Lei 4/2011.

- **Seguimento (revisión):** no acordo anterior debe figurar o día, hora e lugar de celebración dunha reunión de seguimento, que como mínimo será unha semana despois da reunión de mediación. Na mesma, a persoa coordinadora rematará de cubrir un informe cos valoracións do seguimento realizado. Informarase do resultado da mediación ás titorías do alumnado implicado.
- **O coordinador ou coordinadora do equipo de mediación:** (responsable da dinamización da convivencia escolar, neste caso o Director) coidará que se leve a cabo o rexistro das actuacións. Toda a documentación empregada durante o proceso será arquivada no centro e só poderá ser utilizada para o seguimento, control e avaliación do proceso de mediación.

8.3 Procedemento conciliado

Función. Artigo 49 Decreto 8/2015.

“Pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa”.

Requisitos

O falar de procedemento conciliado temos que ter en conta o artigo 49, 50 e 51 do Decreto 8/2015. Neste Decreto dinos que o procedemento conciliado consiste no seguinte:

“Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.”



- *Cando existan diferentes partes implicadas o procedemento deberá ser expresamente aceptado por todas elas (ou representantes legais segundo proceda), **no prazo máximo dun día lectivo**, de acordo co establecido no artigo 48 do Decreto 8/2015.*
- *De non pronunciarse expresamente por escrito algunha das partes ou ben, de non aceptar o procedemento conciliado, a corrección da conduta tramitarase mediante o procedemento común.*

NON se pode levar a cabo este procedemento, nos seguintes casos:

- a) *Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.*
- b) *Cando o alumno/a e as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.*
- c) *Cando o alumno/a autor/a da conduta e as persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.*
- d) *Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.*

Procedemento:

Na reunión para acadar un posible consenso co procedemento conciliado debemos ter en conta o seguinte, por si non se chega a acordo e hai que proceder a incoación de expediente:

Artigo 50 Decreto 8/2015.

Na reunión, a persoa instrutora, que actuará como secretaria da reunión, recordaralles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste.

Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia



escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta.

A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.

Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro na propia acta da reunión.

Se NON se chega a acordo polo procedemento conciliado seguirase polo procedemento común.

Mediación no procedemento conciliado.

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora, de acordo co regulado no artigo 51 do Decreto 8/2015.

A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

Funcións:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.*
- b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.*
- c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.*

Non poden ser mediadores:

-Director do centro



-Instructor do procedemento.

Mediador nomeado:

Xefe do departamento de Orientación, se esté non está vinculado neste procedemento.

CADRO-RESUMO DO PROCEDEMENTO CONCILIADO.

Procedemento conciliado:

Orde	Fases do proceso	D. 8/2015	Temporalización	Observacións
1	Información previa	47.1	2 días lectivos	Desde que se coñeceron os feitos
	Medidas correctoras provisionais	47.3	Calquera momento	Máximo 3 días lectivos (5 días na Lei 4/2011)
2	Incoación	37	1 día lectivo	Iniciativa propia, petición motivada, denuncia
	Decisión procedemento máis adecuado	46.3		Procedemento conciliado ou común
	Designación do INSTRUTOR/A			Docente con experiencia en convivencia
3	Notificación escrita familia/inspección	37.3 / 48.1		Conduta, posibles corrección e instructor
4	Aceptación do procedemento conciliado	48.2	1 día lectivo	Só si se lle ofrece este procedemento
5	Reunión afectados:	50	1 día lectivo	Instructor/mediador(artº 5º)/pais - alumnos
	Valoración dos feitos			Levantar acta
	Posible petición de desculpas			
	Acordar por escrito as medida/s correctora/s			



	Constancia escrita da conformidade coas medidas			
6	Ratificación do acordo pola dirección do centro	50.5		
	En caso de non producirse acordo	50.7		Aplicarase o procedemento común
	En caso de incumprimento das medidas	50.6		Aplicarase o procedemento común

8.4 Procedemento común.

Función. Artigo 52 Decreto 8/2015

“Utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.”

Instructor.

Persoa docente designada pola dirección do CEIP TERRA CHA, o cal terá as seguintes funcións:

- a) *Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.*
- b) *Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.*
- c) *Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras.*
- d) *Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.*



Prazos.

A persoa instrutora disporá de **cinco días lectivos** para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

Trámite de audiencia.

Finalizada a instrución do procedemento, e formulada a proposta de resolución, a persoa instrutora dará audiencia á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha **comparecencia** que terá lugar no prazo máximo de **tres días lectivos** contados a partir da recepción da citación.

Na citación, segundo se establece no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, á notificación acompañarase unha relación dos documentos que figuren no procedemento. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado **expedirase acta**, na que constarán as alegacións resultantes, se procede, da audiencia.

Actuacións tras a audiencia.

O instructor presenta a dirección do centro a proposta de resolución e a acta do trámite de audiencia, e o director do CEIP TERRA CHA ditará a resolución escrita prevista no artigo 54 do Decreto 8 /2015, considerando polo menos, os seguintes contidos:

- a) *Feitos probados.*
- b) *De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.*
- c) *Medidas correctoras que se vaian aplicar.*
- d) *Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.*

Tras dictar resolución a **dirección do centro realizará o seguinte:**

- Notificar por escrito á alumna /o e ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo **dun día lectivo** a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instructor.
- Remitir á xefatura territorial correspondente, excepto no caso de proposta de cambio de centro, que requirirá de actuacións complementarias.



CADRO-RESUMO PROCEDEMENTO COMÚN

Orde	Fases do proceso	D. 8/2015	Temporalización	Observacións
1	Información previa	47.1	2 días lectivos	Desde que se coñeceron os feitos
	Medidas correctoras provisionais	47.3	Calquera momento	Máximo 3 días lectivos (5 días na Lei 4/2011)
2	Incoación	37	1 día lectivo	Iniciativa propia, petición motivada, denuncia
	Decisión do procedemento máis adecuado	46.3		Procedemento conciliado ou común
	Designación do INSTRUTOR/A			Docente con experiencia en convivencia
3	Notificación escrita familia/inspección	37.3 /48.1		Conduta, posibles corrección e instructor
4	Instrución do procedemento polo instructor	53.2/48.3.4.5	5 días lectivos	
5	Proposta de resolución do instructor	53.3		
6	Citación aos pais alumnos para a audiencia	53.3		Obriga dos pais de comparecer (Artº 37.6)
7	Audiencia aos pais alumnos	53.3	3 días lectivos_recepci	Acceso á documentación Levantar acta
8	Resolución	54.1	1 día lectivo	Feitos, atenuantes, agravantes (inf. revis 2d)
9	Notificación da	37.7	Máx 12 días	Desde que se



	resolución	54.2	lectivos	coñeceron os feitos
10	Posible solicitude de REVISIÓN ante o C.E.	54.3	2 días lectivos	Desde recepción resolución (na Lei 4_12 días)
11	Posible suspensión da aplicación das medidas	55		Require asinar un compromiso de convivencia

9. COMPROMISO DE CONVIVENCIA. Artigo 55 Decreto 8/2015.

Definición:

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corraxida ou corraxido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

Procedemento:

Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

Consecuencias en caso de NON cumprimento:

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.



Compromisos educativos.

O CEIP TERRA CHA establece uns compromisos educativos "estándar" que serán adaptables e modificables dependendo da norma contraria a convivencia que levou a cabo o alumno/a suxeito ó compromiso de convivencia. Algún exemplo de compromisos educativos serían os seguintes:

-Levar a cabo unha serie de actividades que se establecen no programa de habilidades sociais, nos tempos de lecer do alumno/a implicado.

-Asistir tanto o alumno/a como os familiares do mesmo a unha serie de charlas, coloquios debates sobre o tema en cuestión que se trate nos Servizos Sociais do Concello de Vilalba ou unha entidade, asociación dun tema en concreto.

10. ESCOLA DE NAIS E PAIS. Artigo 27 do Decreto 8/2015.

Definición:

"Propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia."

Compromisos de convivencia dos pais/nais titores/as legais:

- a) Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.
- b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores.
- c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos.

Creación:

Constituirase dentro da ANPA do centro, e reuniranse con unha vez por trimestre, e unha o inicio de curso e outra o final.

As propostas, compromisos e melloras a levar a cabo serán elevadas o Comisión de Convivencia para incorporar na memoria anual.



10. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan.

Coordinación e colaboración:

Levarase a cabo estas dúas cuestións entre todos os membros que conforman a comunidade educativa do CEIP TERRA CHA, logrando deste xeito que os posibles problemas de convivencia do centro, se resolvan entre os distintos membros da comunidade que se vexan involucrados, establecendo cada un deles a súa colaboración e os acordos que se podan establecer para solucionar calquer tipo de problema de convivencia.

Actuacións.

Para levar a cabo a coordinación e colaboración dos distintos membros da comunidade educativa, temos que ter en conta unha serie de actuacións:

1. Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos, explicitando para cada unha destas as persoas responsables, os recursos dispoñibles e os procedementos que se deben seguir. "Os principais responsables da consecución dos obxectivos sería a Comisión de Convivencia do CEIP TERRA CHA, que levará a cabo os diferentes procedementos que se ofertan neste plan de convivencia".
2. Actuacións conxuntas dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro en relación co tratamento da convivencia neste. "A dirección do centro actuará conxuntamente co diferente profesorado que poda verse involucrado nun problema de convivencia, levando a cabo os procedementos e medidas correctoras de forma unánime polas distintas partes"
3. Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro, en coordinación cos que exercen a orientación, para o tratamento da convivencia nos grupos de alumnos e alumnas. "Os docentes do centro, terán en conta as orientacións en materia de convivencia que lles ofrezca o Departamento de Orientación, buscando un acordó unánime entre eles para aplicar os posibles procedementos e medidas correctoras".



4. Actuacións da titora ou do titor e do equipo docente de cada grupo de alumnos e alumnas para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, tanto na aula como no centro. *"Dirixido especialmente a mestra de educación infantil, que se rexirá polo programa de adaptación para o alumnado de novo ingreso, reflexado este programa de adaptación na concreción curricular de educación infantil, reflexada no Proxecto Educativo do CEIP TERRA CHA".*
5. Actuacións específicas para a prevención e o tratamento da violencia sexista, racista e calquera outra das súas manifestacións. *"De acordo coa Orde de calendario escolar para o curso 2018/2019 levarase a cabo a conmemoración deste tema, levando a cabo unha serie de actividades, en consonancia co Concello de Vilalba, e tamén as propias elaboradas polo centro, e as que se fan en común con outros centros da mesma localidade".*
6. Relación cos diferentes sectores institucionais e sociais do contorno que poidan participar no plan de convivencia, especificando o seu modo de participación e de colaboración. *"A principal institución coa que se colabora e co Servizo de Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Vilalba, que nos ofrece diferentes actividades, charlas materiais, para tratar o tema da convivencia, violencia... e tamén destacar a posta en marcha do Plan Director para a Convivencia, a través das múltiples charlas e actividades que nos ofrecen as F.S.E."*

11. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA (Artº 13.j / Artº 17.1_ Decreto 8/2015)

A difusión do Plan de Convivencia, levarase a cabo a través da páxina web do Centro, e na reunión xeral de pais a principios de curso manifestarase os mesmos que teñen a disposición este documento na dirección e na páxina web do mesmo.

Tamén se facilitará unha copia a ANPA.



12. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA (Artº 13.m_ Decreto 8/2015)

O seguimento e avaliación do mesmo realizarase de carácter anual, a través da Comisión de Convivencia, actualizando os seus obxectivos e propostas de mellora a inicios de curso, e a súa avaliación e consecución de obxectivos, actuacións realizadas e propostas de mellora a través da memoria da Comisión de Convivencia que será incluída na memoria final do centro, de acordo o Decreto 8/2015 e a Orde de Calendario escolar.